



## SOBRE A CARREIRA SOLIDARIA “A volta ao cole”

### Unoentrecienmil.org

Estimados compañeiros e compañeiras,

Este ano e dentro das actividades enmarcadas no PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (PVAD), imos organizar unha carreira solidaria o vindeiro venres 20 de outubro (se o tempo acompaña).

O evento será parecido ao organizado outros cursos aínda que ca diferenza de que este ano é para recadar fondos e dar visibilidade aos nenos e nenas con leucemia e participaremos o mesmo día que multitude de centros educativos de toda España.

O día da carreira o alumnado participará por ciclos da seguinte maneira:

**1ª sesión (ás 10:00 h): Infantil fará un percorrido de forma simbólica.**

**2ª sesión: 1º CICLO**

**3º hora: 2º CICLO**

**4ª hora: 3º CICLO**

**5ª hora: ás 15:05 h. Pais/nais, titores/as legais, mestres/as e persoal que queira participar.**

Os nenos e nenas de Primaria farán nas aulas unha manualidade para crear un sobre (entregaremos a plantilla polas aulas). Ese sobre levarano a semana da carreira para as súas casas e traerán a recadación que eles consideren o mesmo día da carreira.

**2 EUROS EQUIVALEN A 8 MINUTOS DE INVESTIGACIÓN**

**5 EUROS EQUIVALEN A 20 MINUTOS DE INVESTIGACIÓN**

No momento da carreira o alumnado baixará para o patio cuberto co dorsal xa pegado e o sobre da recadación na man. Cada neno ou nena meterá o sobre nunha caixa de recadación e comezará a carreira.

O día da carreira as persoas adultas tamén poderán entregar as súas doazóns aos mestres e mestras organizadores da carreira.

É unha carreira solidaria e pódese participar camiñando. O alumnado baixará para o patio cuberto co mestre ou mestra que estea nese momento impartindo clase á hora indicada (co dorsal xa pegado no peito e o sobre de recadación), nese momento os mestres e mestras coordinadores darán unha explicación das normas básicas. Por todo o patio haberá un percorrido de aproximadamente 500 metros que o alumnado percorrerá durante o tempo establecido.



No patio cuberto haberá unha **ZONA DE DESCANSO** onde o alumnado poderá sentarse para descansar (cada grupo na súa zona). Só se poderá descansar nesa zona para non interferir na carreira dos demais alumnos e alumnas.

Se hai mestres ou mestras que queiran levar ao seu alumnado ver a carreira, estes deben situarse nas zonas indicadas para o público (zona do areeiro pequeno, zona central da pista verde ou escaleiras fronte ao patio cuberto. Os desprazamentos cara esa zona deben facerse ANTES de comezar a carreira. **NUNCA SE PODERÁN FACER UNHA VEZ INICIADA A CARREIRA XA QUE PODEN CORRER PERIGO AS PERSOAS QUE ESTÁN CORRENDO.**

Para resolver calquera dúbida ou suxestión podedes poñervos en contacto co coordinador do PVAD.

César Ramos Domínguez.- Coordinador do Proxecto de Vida Activa e Deportiva.

Santa Comba, 2 de outubro de 2023